

Acordo do 7 de setembro de 2022 da Xefatura Territorial da Coruña, de levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica, no concello de Ordes (expediente IN407A 2020/180-1).

Outorgada a declaración de utilidade pública que leva implícita a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola instalación eléctrica denominada LMT. CT. RBT. Nouche no concello de Ordes (expediente IN407A 2020/180-1), por resolución desta xefatura territorial, do 3 de agosto de 2022, a favor da entidade beneficiaria UFD Distribución Electricidad, SA, con enderezo en avenida de Arteixo, 171, 15008 – A Coruña.

Esta xefatura territorial, de conformidade cos artigos 52 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, e 56 do seu Regulamento, do 26 de Abril de 1957, acorda sinalar os días **14 e 15 de novembro de 2022** para o levantamento das actas previas á ocupación, nas que se describirán os bens ou dereitos expropiables e de imposición de servidume de paso de enerxía eléctrica, contidos na relación de fincas que se exporán xunto con esta resolución no taboleiro de edictos do concello de Ordes, deducida da que se someteu a información pública no DOG do 25.05.2022, no BOP do 09.05.2022 e no xornal *La Voz de Galicia* do 19.05.2022, acto ao que deberán concorrer as persoas propietarias ou titulares de dereitos sobre as fincas propostas como afectadas, ás que se lles practicará notificación individual sinalándoselles os horarios de toma de datos sobre o terreo e do levantamento efectivo das actas nas oficinas da casa consistorial do dito concello.

Así mesmo, cando as persoas propietarias ou titulares de dereitos sobre as fincas afectadas sexan descoñecidas ou se ignore o lugar de notificación ou ben, intentada esta, non se puidese practicar, publicárase un anuncio desta convocatoria no taboleiro de edictos único (TEU) do *Boletín Oficial del Estado*.

A Coruña, 7 de setembro de 2022

Isidoro Martínez Arca

Xefe Territorial da Coruña

Xefatura Territorial
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA
DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN
Edificio Administrativo de Monelos
Rúa Vicente Ferrer, 2 1º e 2º andar - 15071 A Coruña
T. 34 981 184 902
cei.xtcoruna@xunta.gal
www.ceei.xunta.gal

